



BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE POSTOS NO MERCADO MODERNISTA 2024, A CELEBRAR DENTRO DO MARCO DA XIII FEIRA MODERNISTA, OS DÍAS 26, 27 E 28 DE XULLO

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento, criterios de valoración e condicións para o outorgamento de autorizacións para ocupar en espazo público os postos para exercer a venda ambulante dentro do mercado da XIII Feira Modernista de Sada.

A Concellería de Cultura pretende con esta convocatoria ofertar publicamente **25 postos no mercado**, cos seguintes contidos:

- 23 postos de venda de produtos de artesanía.
- 1 postos destinado a restauración e coctelería modernista.
- 1 posto destinado a repostaría.

O Mercado Modernista propónse como elemento reforzador da oferta de contidos culturais e de lecer do programa da XIII Feira Modernista, a celebrar os vindeiros 26, 27 e 28 de xullo.

Deste xeito, o Concello de Sada exerce as súas competencias no eido da promoción cultural e da ocupación do tempo libre e, ao mesmo tempo, as de organización de feiras, mercados e comercio ambulante, recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Serán admitidas as solicitudes de persoas físicas e xurídicas que teñan capacidade de obrar no ámbito da venda ambulante, que se comprometan a ambientar e decorar os seus postos con elementos que permitan evocar os principios estéticos do movemento artístico modernista, ou ben a recrear a época e costumes sociais contemporáneas ao mesmo.

As persoas que realicen a venda ao público nos postos que sexan autorizados deberán caracterizarse e empregar unha vestimenta que axude a recrear e evocar a época e os principios estéticos do movemento modernista.

2. NORMATIVA APLICABLE

- a. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- b. Lei 38/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- c. Ordenanza municipal núm. 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica (BOP núm. 183 do 09.08.2008)
- d. Ordenanza municipal non fiscal reguladora da venda ambulante (BOP núm. 329 do 18.10.2002)



3. TAXAS

A actividade do Mercado Modernista non estará suxeita ao pago de taxas, con base no que establece o artigo 2.2.a) da Ordenanza Municipal núm. 16 e en virtude da xustificación motivada presentada pola Concellería de Cultura.

4. QUEN PODE PARTICIPAR?

Poderán presentar solicitude de participación as persoas físicas ou xurídicas que acrediten o desenvolvemento da actividade de venda de produtos artesanais ou de venda polo miúdo. Para acreditarlo deberán estar dados de alta no IAE (modelo 036) en calquera dos epígrafes que lle permita a venda de produtos artesanais ou o comercio minorista e cumprir cos requisitos legais para realizar a súa actividade.

As persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos esixidos na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, que se detallan na base 6.

Ademais, no caso de que se reciba un número de solicitudes superior ao número de postos convocados, as solicitudes deberán pasar un proceso de baremo e selección, aplicando os criterios descritos no punto 8 destas bases.

5. COMO SOLICITAR POSTO?

As solicitudes poderán presentarse por medios electrónicos a través do procedemento de «solicitude xeral» que se atopará na sede electrónica municipal (sede.sada.gal), anexando tanto o modelo de inscrición específico do Mercado Modernista (ANEXO I) como a documentación requirida na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, que se detalla na base 6.

As persoas físicas poderán escoller en todo momento si se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non.

Pola contra, deberán obrigatoriamente presentar por medios electrónicos as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas que actúen na súa representación (artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O prazo abrirase a partir do día seguinte ao da publicación destas bases na web municipal (www.sada.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.sada.gal), onde tamén se publicará a lista de persoas admitidas e excluídas.

O prazo de solicitude será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación das bases reguladoras.

No caso de que algunha solicitude non estivese completa, correctamente cuberta, faltase información necesaria ou estivese incompleta a documentación que debe acompañar a solicitude, establécese un prazo de emenda, de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da notificación do requirimento.

No caso de non responder ao requirimento de emenda entenderase que a entidade desiste da súa solicitude segundo o art. 68 da Lei 39/2015.



6. QUE DOCUMENTACIÓN HAI QUE PRESENTAR?

A solicitude de participación acompañarase da seguinte documentación:

- a. Modelo de solicitude (ANEXO I)
- b. Copia do NIF da persoa interesada
- c. No caso das persoas xurídicas acompañarase da acta de constitución ou dos estatutos, así como do DNI da persoa que actúe na súa representación
- d. Copia do IAE (modelo 036) ou copia do certificado de situación censual
- e. Alta na SS e último recibo de autónomos
- f. No seu caso, carné de manipulador de alimentos
- g. Póliza e último recibo do seguro de responsabilidade civil (ou ben certificado de vixencia da póliza emitido pola entidade aseguradora)
- h. No seu caso, carta de artesán ou marca de artesanía
- i. Fotografías dos produtos que se ofertarán á venda no Mercado Modernista

7. CAL É O PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN?

As solicitudes recibidas que cumpran os requisitos serán valoradas conforme os criterios descritos na base 8ª, para establecer unha orde de prelación que se empregará para outorgar as autorizacións ata esgotar o número de postos dispoñibles. No caso de que se reciban menos solicitudes que postos dispoñibles, non será necesario aplicar os criterios de valoración.

O procedemento respectará os seguintes principios:

- a. Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade de trato e non discriminación.
- b. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Para tramitar esta convocatoria o Concello de Sada poderá consultar automaticamente os datos dos seguintes documentos en poder da Administración ou elaborados polas administracións públicas, agás que as persoas interesadas se opoñan á consulta:

- DNI ou NIE da persoa representante
- NIF da entidade solicitante
- Certificado de estar ao corrente nos pagamentos coa AEAT (Hacienda), coa Seguridade Social e coa facenda municipal
- No caso de que as entidades ou persoas solicitantes se opoñan a estas consultas, deberán indicalo sinalando no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude.
- **O certificado de estar ao corrente nos pagamentos coa Facenda Galega deberán ser aportados polas persoas solicitantes.*



O departamento de Cultura será o encargado de instruír os expedientes, comprobar que se cumpran os requisitos esixidos e requirir as emendas en caso necesario (base 5ª). Tamén formulará a proposta da listaxe de solicitudes que se propoñen para autorización, así como as posibles solicitudes que se propoñan para denegación, polos motivos que correspondan, para que a Alcaldía emita a resolución de autorización e denegación de solicitudes, que se lle notificará ás persoas interesadas.

8. QUE CRITERIOS DE AVALIACIÓN SE APLICARÁN?

As solicitudes recibidas pasarán por un proceso de selección. Os criterios xirarán en torno á necesidade de cumprir cos obxectivos de ambientar e evocar a época, recrear uns principios artísticos, aportar interese estético e promover a creación artesanal.

A comisión de avaliación ordenará as solicitudes recibidas por orde de prelación, segundo a puntuación que reciban despois da aplicación dos seguintes criterios de avaliación:

CRITERIOS DE SELECCIÓN MERCADO MODERNISTA	PUNTOS
Recupera oficios tradicionais contemporáneos á época que se recrea na feira (inicios s. XX)	10
Pon á venda produtos que se inspiran nas características artísticas do Modernismo, como orientación: <ul style="list-style-type: none">• Inspiración na natureza e uso de elementos de orixe natural, con preferencia nos motivos vexetais e as formas redondeadas de tipo orgánico, entrelazadas co motivo central.• Uso de liñas curvas e asimetrías.• Prioridade da estilización dos motivos sobre a representación realista.• Prevalecen as imaxes femininas en actitudes delicadas e gráciles, resaltando as ondas nos cabelos e os pregues da vestimenta.• Liberdade no uso de motivos, sexan fantásticos ou de inspiracións culturais diversas.• Aplicación envolvente de motivos, tomando as características mencionadas nos puntos anteriores e usándoas en contraposición coas características habituais dos produtos. Os elementos decorativos orgánicos únense co produto ao que decoran.	Máximo 8
Pon á venda antigüidades, obxectos de arte ou obxectos de colección	5
Unicamente porá á venda produtos de elaboración artesanal, non revenda	4
Posúe carta de artesanía relacionada cos produtos que porá á venda	3
NOTA: A puntuación dos diferentes criterios é acumulable. EN CASO DE EMPATE: tomarase a orde de entrada de rexistro da última documentación presentada que serviu para completar a solicitude	
Excluíranse aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos das bases ou que non acaden un mínimo de 3 puntos	



9. RESOLUCIÓN

Unha vez rematado o procedemento de instrución das solicitudes recibidas, a Concellería de Cultura propondrá a relación de solicitudes correctas ordenadas de maior a menor puntuación. Con base nesta proposta, a Alcaldía resolverá autorizando ou denegando de xeito motivado ás persoas solicitantes pola orde de prelación proposta e notificarase a resolución ás persoas interesadas.

No caso de que algunha das 25 primeiras beneficiarias desistise da súa solicitude, notificarase á seguinte persoa segundo a orde de prelación, ata completar a autorización para a ocupación dos postos.

A resolución definitiva porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición contra o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución definitiva.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución definitiva. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a súa resolución, expresa ou por silencio administrativo.

10. NOTIFICACIÓNS

No caso das solicitudes realizadas por medios electrónicos as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, «notifica.gal».

Para os restantes casos e de xeito xeral, a resolución publicarase na páxina web municipal (www.sada.gal) e no taboleiro da sede electrónica (sede.sada.gal), servindo esta publicación aos efectos de notificación ás persoas interesadas.

11. DESENVOLVEMENTO DO MERCADO

O Mercado Modernista enmárcase dentro da programación da Feira Modernista que organiza a Concellería de Cultura. O mercado inclúese como unha das actividades ofertadas para aportar contidos de interese ao programa de celebración.

O Concello aportará unha carpa de 3 x 3 m. para cada unha das persoas que resulten autorizadas nesta edición. Cada carpa contará cunha decoración exterior acorde coa temática da feira. As persoas autorizadas terán un tempo para a montaxe do seu posto e para dispoñer a exposición dos seus produtos. Para realizar estas tarefas de montaxe dos postos de venda, poderán acceder cos seus vehículos á zona de organización, nos xardíns do paseo marítimo, a carón do edificio modernista La Terraza. Será por conta das persoas participantes a decoración interior dos postos e o uso dun vestiario que siga a temática modernista, como motivo principal da celebración.

Cada posto disporá de acceso a un cadro de subministración eléctrica con varios enchufes.

As persoas/empresas autorizadas deberán respectar integramente o horarios establecidos, segundo se describe a continuación:



a. Horarios de montaxe

- Venres 26 de xullo: montaxe dende as 12:00h.

As persoas autorizadas poderán acceder cos seus vehículos ata á zona da feira para labores de descarga de material e montaxe no horario sinalado. Os vehículos deberán ser retirados unha vez feita a descarga de material.

b. Horarios de venda ao público

- Venres 26 de xullo: Hora de apertura a público: 17:00 a 23:00h.
- Sábado 27 de xullo: apertura de 12:00 a 23:00 h.
- Domingo 28 de xullo: apertura de 12:00 a 22:00 h.

c. Vixilancia nocturna

O Concello ofrecerá un servizo de vixilancia na zona do mercado para garantir a seguridade dos postos de venda. O servizo estará operativo entre as 23:00h do venres 26 e as 12:00h. do sábado 27, así como entre as 23:00h do sábado e as 12:00h do domingo 28 de xullo.

A organización non se responsabilizará da vixilancia dos postos fóra dese horario.

d. Desmontaxe

O domingo 28 de xullo a partires das 22:00h as persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de desmontaxe, dentro do Paseo Marítimo. As persoas participantes deberán desmontar os seus postos inmediatamente despois da finalización do mercado, e deixar o espazo público nas condicións de uso e limpeza iniciais.

12.OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

A presentación da solicitude de participación constitúe un compromiso irrevogable por parte das persoas solicitantes de aceptar e acatar as normas específicas do Mercado Modernista de Sada 2024, establecidas nas presentes bases, así como, as disposicións concretas que estableza a organización para o bo desenvolvemento da Feira.

13.PROTECCIÓN DE DATOS

Para participar nesta actividade é necesario presentar documentación con certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para a organización da convocatoria. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da tramitación da convocatoria ata a súa finalización.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e segundo as condicións reguladas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar xestións relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico dpd@sada.gal.

Sada, na data da sinatura dixital
O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández



ANEXO I

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN MERCADO XIII FEIRA MODERNISTA DE SADA

TITULAR DO POSTO	
NOME E APELIDOS:	
NIF:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
TELÉFONO:	
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

DATOS REPRESENTANTE (no seu caso)	
NOME E APELIDOS:	
NIF:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
TELÉFONO:	
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

CARACTERÍSTICAS DO POSTO		
DESCRIPCIÓN DOS PRODUTOS Á VENDA:		
CARNÉ/CARTA DE ARTESÁN:		
MARCAR:	% PRODUTOS ARTESÁNS: _____	% PRODUTOS REVENDA: _____
DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA DE DECORACIÓN DO POSTO:		

SOLICITA:

Participar no mercado da XIII Feira Modernista do Concello de Sada 2024 que terá lugar os vindeiros 26, 27 e 28 de xullo de 2024.

A persoa solicitante manifesta coñecer as Bases de participación no mercado da Feira Modernista do Concello de Sada 2024 e declara que os datos presentados son veraces, o seu compromiso de observar as condicións establecidas nas bases e de cumprir a normativa a que debe axustarse a súa actividade.

Asdo.:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

En _____, a _____ de _____ de 2024